# CONDICIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN NA "VIAXE CULTURAL A LONDRES" 2024

Poderá participar na Viaxe Cultural a Londres, prevista para setembro-outubro de 2024, o alumnado matriculado en 4º de ESO no IES Francisco Aguiar de Betanzos no curso 2024-2025 que non presente ningún parte por conduta contraria ás normas de convivencia ata a realización da mesma. **De non cumprirse algunha destas condicións, causará baixa na viaxe,** sendo o Equipo Directivo, xunto co profesorado acompañante os que tomen a última decisión ao respecto. Nese caso, terá dereito á devolución do adiantado, descontando as penalizacións derivadas da cancelación das habitacións, do bus e/ou doutras actividades.

## PROTOCOLO DE CONDUTA PARA A VIAXE CULTURAL A LONDRES

Ao ser unha actividade organizada polo instituto, rexerán as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) de centro. No caso de incumprimento por parte do alumno/a e que o seu comportamento incidira negativamente no desenvolvemento da viaxe ou perturbara a convivencia dos demais alumnos desatendendo as instrucións dos profesores/as, **será enviado/a de volta a Betanzos facéndose cargo a familia dos gastos que ocasionase.**

Asdo.: **O pai/nai/titor legal**

Asdo.: **O alumno/a**

## Normas Xerais

1. **O alumno seguirá sempre as indicacións** do profesor ou profesora responsables: eles son os que marcan o que se pode ou non se pode facer.
2. Será **obrigatoria a asistencia a tódalas actividades** programadas respectando o horario marcado no programa.
3. Ninguén fará plans pola súa conta, permanecerase **sempre en grupo**. Se alguén necesita facer algo determinado, comunicarao aos profesores acompañantes.
4. Respectaranse os **horarios e puntos de encontro**.
5. Será imprescindible amosar **educación e respecto** en todo momento e con todas as persoas, pois tendo en conta que o alumnado forma parte da comunidade do IES Francisco Aguiar, a imaxe da institución será valorada ou criticada segundo sexa o seu comportamento.
6. Está terminantemente **prohibido**:
   a. A adquisición, consumo ou posesión de **alcohol e de calquera droga**.
   b. O alugueiro ou condución de calquera tipo de vehículo.
   c. **A saída do aloxamento sen autorización.**
   d. Fumar.
   e. Levar ao cuarto persoas que sexan alleas á excursión.
   f. As **condutas escandalosas** (gritos, pelexas, chamar a atención en espazos públicos...).
   g. **O furto** de calquera propiedade allea.
   h. Estragar, alterar ou danar o mobiliario da habitación do aloxamento nin doutras instalacións.

## No Aloxamento

7. Cando cheguen ao cuarto por primeira vez, compre revísalo ben e notificarlle ao profesor/a se hai algún deterioro; en caso contrario, eles serán os responsables e a súa reparación correrá ao seu cargo.
8. Téñense que cumprir as **normas xerais que rexen no aloxamento**: nel alóxanse moitas máis persoas que os nosos estudantes, moitas veces familias.
9. As **noites** son para descansar; profesores e alumnos necesitan durmir; por iso, unha vez que nos retiremos aos cuartos, hai que respectar o descanso de todo o mundo.

## ALUMNO/A

Eu, ____________________________________________________, **alumno/a** de 3º ESO do IES Francisco Aguiar de Betanzos, coñezo e acepto as condicións para participar na Viaxe Cultural a Londres do próximo setembro-outubro de 2024 e comprométome a cumprir as normas de conduta, asumindo as posibles consecuencias derivadas do seu incumprimento.

Betanzos, ____ de ______________ de 2024.

________________________________

Asdo.: O alumno/a

## PAI/NAI/TITOR

D./Dna. _____________________________________________________, **pai/nai/titor legal**

do alumno/a ______________________________________________________ de 3º ESO

### AUTORÍZOO/A

a que participe na Viaxe Cultural a Londres, prevista para setembro-outubro de 2024 e declaro coñecer e aceptar o compromiso adquirido polo meu fillo/a ao asinar as condicións para a participación, así como o protocolo de conduta durante a viaxe. No caso de causar baixa voluntaria ou involuntaria na actividade, recibirei o a adiantado, descontando as penalizacións derivadas da cancelación das habitacións, do bus e/ou doutras actividades.

Betanzos, ____ de ______________ de 2024.

________________________________

Asdo.: O pai/nai/titor legal